



ACTA

Expediente núm.	Órgano Colexiado
PLN/2024/10	O Pleno

DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN

Tipo Convocatoria:

Ordinaria

Data:

26 de decembro de 2024

Duración:

Desde las 12:13 hasta las 13:33

Lugar:

Casa Consistorial

Presidida por:

JOSÉ PARDO LOMBAO

Secretario:

José Luis Pardo Ferro (por ausencia de Cristina Castro Fuentes)

ASISTENCIA Á SESIÓN

Núm. de identificación	Nome e Apelidos	Asiste
33329791P	Elvira Lombao Vila	SÍ
33331257W	FERMÍN LÓPEZ GONZÁLEZ	SÍ
33817919F	JOSÉ PARDO LOMBAO	SÍ
33834799M	Jesús Fernández García	SÍ
34222169D	José Yebra Amorín	SÍ
33323696P	LUIS ALFONSO TRIGO FERNÁNDEZ	SÍ
47373684D	MIGUEL VIEITO VILLAR	SÍ
36071720S	María del Carmen Acacio López	SÍ





33321284B	María Begoña Seco Varela	SÍ
33329706S	María José Martínez Vigo	SÍ
33327776V	Pilar Méndez Lombao	SÍ
33544829L	Tania Díaz Seijas	SÍ
33307083R	Xosé Ferreiro Fernández	SÍ

Unha vez verificada polo secretario a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día.

A) PARTE RESOLUTIVA

Aprobación da acta da sesión anterior

Favorable	Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento
------------------	--

Resolución:

Os membros do Pleno da Corporación aproban, por unanimidade dos presentes, a acta da sesión anterior de 28 de novembro de 2024.

Dación de conta de Decreto de modificación de delegacións de alcaldía

Non hai acordo	Motivo: Trátase dunha dación de conta e non dun acordo
-----------------------	---

Resolución:

Dase conta do Decreto de 30 de outubro de 2024 de modificación de delegacións de alcaldía

Non se somete a votación por tratarse dunha dación de conta

MOCIÓN DO BNG DE ASUNTOS A INCLUIR NOS VINDEIROS ORZAMENTOS

Desfavorable	Tipo de votación: Ordinaria
	A favor: 4, En contra: 9, Abstencións: 0, Ausentes: 0

Resolución:

A concelleira nacionalista Elvira Lombao Vila defende a:

”MOCIÓN PARA QUE A EQUIPA DE GOBERNO INCLÚA INICIATIVAS, NOS ORZAMENTOS DE 2025, PARA ATENDER AS NECESIDADES DA VECIÑANZA DE OUTEIRO DE REI





EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Os Concellos son as institucións máis próximas á veciñanza e é por isto que deben dar respostas ás preocupacións da mesma, así como procurar as accións necesarias para mellorar a calidade de vida no termo municipal.

O artigo 25 da Lei de Bases do Réxime Local recolle as competencias específicas dos Entes Locais, sinalando que os mesmos, para a xestión dos seus intereses no ámbito das súas competencias, poden promover toda clase de actividades e prestar servizos públicos para que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da veciñanza.

O Concello, en todo caso, exercera competencias propias, entre outras, nas seguintes materias:

- Seguridade nos lugares públicos
- Ordenación do tráfico de vehículos e persoas en vías urbanas
- Protección civil
- Prevención e extinción de incendios
- Ordenación, xestión, execución e disciplina urbanística
- Promoción e xestión de vivendas
- Parques e xardíns
- Pavimentación de vías públicas urbanas e conservación de camiños e vías rurais
- Patrimonio histórico-artístico
- Protección do medio ambiente
- Protección da salubridade públicas
- Participación na xestión da atención primaria de saúde
- cemiterios e servizos funerarios
- Prestación dos servizos sociais e de promoción e reinserción social
- subministro de auga e alumeadado público
- Servizo de limpeza viaria, de recollida e tratamento de residuos, rede de sumidoiros e tratamento de augas residuais
- Transporte público de viaxeiros





•Actividades ou instalacións culturais e deportivas

Como se pode ver, os Municipios teñen competencias nunha pluralidade de áreas e pódelles dar servizos ás veciñas e veciños de moitas formas; non só a través de grandes obras que despois non se rematan ou non se atende o seu mantemento.

A Lei Reguladora das Facendas Locais (art. 168.4) establece a obriga dos Concellos de remitir ao Pleno da Corporación o orzamento xeral, informado pola Intervención e cos anexos e documentación complementaria, antes do día 15 de outubro para a súa aprobación, emenda ou devolución.

Porén, esta equipa de goberno xa nos ten acostumados non só a non presentar orzamentos senón tampouco dación de contas en prazo.

Isto non quere dicir que dende o Grupo Municipal do BNG de Outeiro de Rei non creamos que os orzamentos son un bo instrumento para definir e controlar as políticas a seguir pola equipa de goberno, polo cal traemos neste último pleno do ano unha serie de propostas que axudarían a mellorar o día a día da nosa veciñanza.

1.- Elaborar un plan de mellora e acondicionamento das estradas do concellos

Dotar os orzamentos dunha partida suficiente para levar a cabo durante todo o ano accións de mantemento das estradas. Así como reforzar con unha programación adecuada o servizo de desbroce e limpeza das beirarrúas co que se conseguiría unhas mellores condicións de circulación.

2.- Elaborar un estudo técnico-económico que permita ter unha planificación axeitada en orde a levar o saneamento a aquelas parroquias que carecen del

O Concello de Outeiro de Rei ten 27 parroquias das cales a maioría carecen de saneamento. Se dende o Concello se tivera preparado un plan para poder levar a todas ás parroquias dito servizo, á veciñanza sabería cando tería este servizo dispoñible. Por suposto non se trataría de facelos todos ao mesmo tempo pero si se poden ir realizando estudos técnicos das posibilidades que hai en cada parroquia.

3.- Apertura do centro de día

Dende o Concello anunciouse a apertura dun centro de día. O que non se dixo foi que este ía ser realizado en dúas fases. Entendemos que a primeira fase fica practicamente feita mais resta a segunda da cal non se sabe nada. Dado que é un servizo moi necesario para o noso Concello, que aparece unha partida nos orzamentos daría á veciñanza unha previsión de cando terían dispoñible este servizo.

4.- Humanización do cemiterio





Un cemiterio municipal debera ser un lugar acolledor dado o momento que están a pasar as familias que por alí pasan. O Concello debera facer que ese lugar sexa un pouco máis cálido, mais cómodo e con servizos adecuados, entre os que se atopa un mantemento axeitado.

5.- Plan de rehabilitación de vivendas

Dado que o concello de Outeiro de Rei esta moi cerca da Cidade de Lugo dende a equipa de goberno poderíanse promover actuacións para incentivar a rexeneración da vivenda en todo o termo municipal.

A meirande parte das parroquias teñen cada vez mais casas abandonadas e temos falta de vivenda no concello. Unha planificación urbanística non é só facilitar chan para construír vivenda nova senón tamén rehabilitar vivenda xa existente e poñela a disposición da veciñanza que non dispoña de recursos.

6.- Desenvolvemento de actuacións no eixo da cultura e do patrimonio

O patrimonio e a cultura son legados que recibimos do pasado e que forma parte do conxunto de bens que son dignos de preservarse. En Outeiro de Rei non só temos patrimonio histórico senón tamén un extenso patrimonio natural a conservar. O Concello debe facer todo o posible por salvagardar pero tamén poñer en valor estes conxuntos patrimoniais para deleite da veciñanza e visitantes. Neste concello temos exemplos suficientes que merecen estas actuacións, de xeito urxente. Poden mencionarse: Ínsua do Maiordomo, capela de Bravos, as fontes nas diferentes parroquias...

7.- Arranxo do centro de saúde

En xullo do 2023 a Xunta sacou a licitación o proxecto para a construción dun novo PAC en Outeiro de Rei. A día de hoxe aínda non está sequera adxudicado co cal temos claro que a construción dese novo centro vai ser a moi longo prazo, probablemente anos.

O centro de saúde actual ten unha serie de deficiencias de mantemento que deberan ser arranxadas á maior brevidade pois tanto os profesionais como as persoas usuarias merecen traballar e ser atendidas en lugares adecuados.

Por todo o exposto con anterioridade, o Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego no concello de Outeiro de Rei sométese a debate e aprobación polo Pleno deste concello esta MOCIÓN, proponendo a adopción do seguinte

ACORDO:

-Que o Pleno do concello insta ao equipo de goberno a estudar estas propostas para a súa inclusión nos orzamentos do ano 2025”





Rematada a explicación e lectura da moción, intervén a concelleira socialista Carmmen Acacio e di que a moción se trata dunha planificación das políticas do goberno municipal e se asemella a un programa electoral destinado á veciñanza.

O Sr. Alcalde di que as eleccións as acabamos de pasar hai pouco. Di que coas políticas do PP este municipio crece.

Entra a concelleira Begoña Seco do PP.

Di o Sr. alcalde que a política do Concello de Outeiro de Rei a marca o goberno municipal pois este foi o mandato que lle deron os veciños.

Di que certamente os concellos pequenos dependen en boa parte doutras administracións para poder exercer as súas políticas. Non entende por qué non chegan os fondos next generation aos concellos pequenos.

Di o Sr. Alcalde que respecto do plan de mellora de estradas proposto na moción, que precisamente este concello ten das mellores estradas que pode haber.

Respecto do centro de día considera que por exemplo os Fondos Next Generation serían ideais para poder executalo.

Respecto a apertura do centro de día di o alcalde que están comprados os terreos e seguirán insistindo no proxecto do Centro de Día e que oxalá puidera financiarse con fondos next generation.

Respecto do Plan de vivendas, considera que si ben debería ser outra administración con competencias en materia de vivenda quen realizase os plans, sí pon Outeiro solo a disposición destas administracións. E igualmente di que si existe un problema de vivenda é polo apoio dos gobernos de esquerdas aos okupas, pola falta de seguridade xurídica

En relación ao plan de saneamento di o Sr. Alcalde que xa hai anos están executándose obras de saneamento en todas as parroquias. Defende o Sr. Alcalde que en todas as parroquias do municipio, os veciños teñen os mesmos servizos..

O Sr. Alcalde anuncia o voto negativo do seu grupo porque considera que algunhas cousas dela son obviedades e non van a cambiar a súa forma de facer política.

Votos a favor 4 (3 BNG + 1 PSOE) e 9 votos en contra (PP)

MOCIÓN DO PSOE RELATIVA A AUSENCIA DE PEDIATRA	
Favorable	Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Resolución:

A concelleira socialista Carmen Acacio defende a moción:

”Moción relativa ao problema de atención pediátrica no Concello de Outeiro de Rei

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:





No Artigo 33 do Estatuto de Autonomía de Galicia establécese que corresponde á Comunidade Autónoma o desenvolvemento legislativo e a execución da lexislación en materia de Sanidade e Seguridade Social así como a administración e organización de tódolos servizos. Sen embargo, de sempre soubemos que en Outeiro de Rei esa correcta administración e organización da que fala dito artigo brilla pola súa ausencia no seu Centro de Saúde e, no que atinxe ás consultas para os máis cativos da casa, é aínda máis preocupante. Actualmente, a máis de 500 cativos e cativas deste concello, o Sergas só lles ofrece a consulta dun médico un día á semana. Ademais, este pediatra comparte as consultas de Cospeito e Castro de Rei dúas veces por semana en cada concello. En total, a lista deste especialista chega a incluír a máis de 1600 pacientes, todos eles rapaces e rapazas de entre 0 e 16 anos.

Actualmente, a atención pediátrica en Outeiro de Rei pasou a ser totalmente inexistente, desde o momento en que o correspondente facultativo tivo que darse de baixa médica de longa duración, sen que haxa un substituto especializado en medicina para nenos. Agora mesmo, igual que relatamos no noso Rogo ao Pleno de outubro de 2024, os pais e nais teñen que levar ás súas crianzas ás consultas do seu médico de atención primaria correspondente e mesmo a urxencias, recomendados por eses mesmos doutores, dada a carga de traballo que xa teñen que soportar habitualmente.

Os pais e nais atópanse neste momento nunha situación de rabia e impotencia á que non saben como dar solución se non é a través de protestas que reuniron unha cantidade considerable de asistentes ante os centros de saúde de Cospeito, de Castro de Rei e de Outeiro de Rei, así como a manifestación en Castro de Rei do pasado sábado 14 de decembro. Son movementos sociais cos que o Grupo Socialista de Outeiro de Rei está a mostrar a súa solidariedade e apoio, xa que en tódalas familias temos nenos e nenas afectados por este enorme problema, pero visto que a situación continúa igual ca hai uns dous meses, volvemos traelo a pleno en forma de moción.

Opinamos que este é un paso máis no intento de privatización da sanidade pública en Galicia, e un paso máis para que o mundo rural perda habitantes e, por ende, as crianzas, que todos sabemos que son o futuro de calquera territorio, sexa rural ou urbano.

Non entendemos como este goberno municipal presume de facer todo polos rapaces e non se ve pola súa parte nin un só movemento de apoio ou de intento de solución desta preocupante situación polo que, como oposición, ademais de mostrar a nosa preocupación e ofrecer a nosa colaboración propoñemos ao Pleno do Concello de Outeiro de Rei a adopción dos seguinte ACORDO:

- Que o equipo de goberno de Outeiro de Rei dea un paso adiante defendendo ás familias deste concello e inste ao Sergas a que dea unha solución inmediata e definitiva ao problema xerado pola ausencia de pediatra no noso Centro de Saúde.”





Rematada a lectura da concelleira socialista Carmen Acacio, intervén o concelleiro nacionalista Xosé Ferreiro para esixir que este problema esixe unha planificación a medio /longo prazo que non se está facendo.

Di o concelleiro que non se están adoptando medidas necesarias para solucionar este problema, nin dende a Universidade aumentando prazas ata mellora de condicións laborais ou aumento de prazas nas ofertas de emprego.

O Sr Alcalde di que hai cousas da moción coas que están dacordo e outras non e da lectura ás partes da moción que non comparte. o Sr Alcalde considera imprescindible que o dende o goberno de España se aumenten as prazas MIR. Di que no momento en que se propuxo ao concello o aumento do Centro de Saúde, non pasaron 2 meses e xa se tiñan adquiridos os terreos e que o concello asume algunhas reparacións, dentro da súa capacidade adquisitiva, adscribindo incluso unha traballadora municipal ó centro de saúde. Propón unha enmenda de substitución, que supón substituir o disposto no acordo da moción proposta para que o acordo quede do seguinte xeito:

”Que se manteña o servizo de dous días á semana de servizo pediátrico e logo da reincorporacion da baixa do profesional, se pasará a tres días á semana, posto que este concello é o de mais poboación da comarca de Lugo”

a concelleira socialista manifesta a súa conformidade.

Vótase en primeiro lugar a moción coa enmenda resultando aprobada por unanimidade.

Expediente 1336/2024. Inventario ou Catálogo de Bens	
Favorable	Tipo de votación: Ordinaria
	A favor: 10, En contra: 0, Abstencións: 3, Ausentes: 0

Resolución:

PROPOSTA DE ALCALDÍA DE RECTIFICACIÓN DE INVENTARIO.

O Sr. Alcalde propón aos membros do Pleno da Corporación a aprobación da rectificación do inventario municipal de conformidade co disposto no artigo 33 do Regulamento de Bens das Entidades Locais (RD1732/1986 de 13 de xuño), incorporando as seguintes fichas:

INVENTARIO MUNICIPAL DE BENS

INMOBLES

PORCIÓN VIAL Nº 221

SAN LORENZO DE AGUIAR

NOME: PORCIÓN VIAL EN O COUTO – SAN LORENZO DE AGUIAR.





NATUREZA DO INMOBLE:

Uso público

Prescripción: dominio público viario

SITUACIÓN:

Parroquia: SAN LORENZO DE AGUIAR

Núcleo/lugar: O COUTO

Lindeiros: Linda ao Norte, camiño, Sur, parcelas segregadas 1 e 2 e parcela 212 de José Fernandez Freire, Este, camiño, e Oeste, parcela 212 de José Fernandez Freire.

SUPERFICIE: 687,63 m2

CARGAS: LIBRE DE CARGAS

TÍTULO DE ADQUISICIÓN: Cesión urbanística, de data 22 de outubro de 2021.

SITUACIÓN REXISTRAL: LIBRE DE CARGAS

Rexistro da Propiedade: Tomo 1.102, Libro 85 de Outeiro de Rei, Folio 19, Finca registral 9679.

INVENTARIO MUNICIPAL DE BENS INMOBLES

PORCIÓN VIAL Nº 222

MOSTEIRO

NOME: PORCIÓN VIAL EN MACEDA – MOSTEIRO.

NATUREZA DO INMOBLE:

Uso público

Prescripción: dominio público viario

SITUACIÓN:

Parroquia: MOSTEIRO

Núcleo/lugar: MACEDA

Lindeiros: Norte, Sur e Este con viais e Oeste con parcela segregada





SUPERFICIE: 148 m2

CARGAS: LIBRE DE CARGAS

TÍTULO DE ADQUISICIÓN: Cesión urbanística, de data 14 de decembro de 2022

SITUACIÓN REXISTRAL:

Rexistro da Propiedade: non consta

INVENTARIO MUNICIPAL DE BENS INMOBLES

PORCIÓN VIAL Nº 223

BONXE

NOME: PORCIÓN VIAL EN A VEIGA – BONXE.

NATUREZA DO INMOBLE:

Uso público

Prescripción: dominio público viario

SITUACIÓN:

Parroquia: BONXE

Núcleo/lugar: A VEIGA

Lindeiros: Norte, parcela 2 de José Maréa Varela Ferreiro,; Sur, parcela 7 de María Gloria Hernández López,; Este, resto de finca matriz, y Oeste, camino.

SUPERFICIE: 74 m2

CARGAS: LIBRE DE CARGAS (CANCELACION HIPOTECA)

TÍTULO DE ADQUISICIÓN: Cesión urbanística, de data 10 de febrero de 2023.

Rexistro da Propiedade: Tomo 1200, Libro 112 de Outeiro de Rei, Folio 142, Finca 4378.

INVENTARIO MUNICIPAL DE BENS INMOBLES

PORCIÓN VIAL Nº 224

SOBRADA





NOME: PORCIÓN VIAL EN PIÑEIRO – SOBRADA.

NATUREZA DO INMOBLE:

Uso público

Prescripción: dominio público viario

SITUACIÓN:

Parroquia: SOBRADA

Núcleo/lugar: PIÑEIRO

Lindeiros: Norte, parcelas de resultado 1,2,3 e 4, Sur, vía de servicio de carretera LU-115, Este, parcela 243 de Antonio de Ignacio Cancela e Oeste, polígono 8, parcela 66 de Flora Rozas Carballido.

SUPERFICIE: 234,74 m2

CARGAS: LIBRE DE CARGAS.

TÍTULO DE ADQUISICIÓN: Cesión urbanística, de data 23 de xuño de 2023.

Rexistro da Propiedade: *no consta*

INVENTARIO MUNICIPAL DE BENS INMOBLES

PORCIÓN VIAL Nº 225

TABOI

NOME: PORCIÓN VIAL EN O PASADOIRO - TABOI

NATUREZA DO INMOBLE:

Uso público

Prescripción: dominio público viario

SITUACIÓN:

Parroquia: TABOI

Núcleo/lugar: O PASADOIRO

Lindeiros:





PARCELA URBANA 1: 283 m2 Linda Norte, Juan Garcia Rozas(135), Sur, resto de la finca matriz; Este, Camino de Cela a Taboy(9006); y Oeste, Marcelino Bodenlle Puente (153) y resto de finca matriz.

PARCELA URBANA 2: 63 m2 Linda: Norte, resto de finca matriz; Sur, Ramon Novo Lage (186, 185 y 189); Este, Camino de Cela a Taboy y camino 9001); y Oeste, resto de finca matriz.

SUPERFICIE: 346 m2

CARGAS: LIBRE DE CARGAS

TÍTULO DE ADQUISICIÓN: Cesión urbanística, de data 4 de enero de 2024.

Rexistro da Propiedade: Non consta

INVENTARIO MUNICIPAL DE BENS INMOBLES

PORCIÓN VIAL Nº 226

VILELA

NOME: PORCIÓN VIAL EN VILELA PEQUENA - VILELA

NATUREZA DO INMOBLE:

Uso público

Prescripción: dominio público viario

SITUACIÓN:

Parroquia: VILELA

Núcleo/lugar: VILELA PEQUENA

Lindeiros: 194,10 m2. Norte, parcela 99, de Elias Illán Reigosa; Sur, parcelas 97 de Javier Balboa Fernández e 101 de María Olivia Romay Fernández; Leste camiño; e ao Oeste, coa finca matriz.

SUPERFICIE: 194,10 m2

CARGAS: LIBRE DE CARGAS

TÍTULO DE ADQUISICIÓN: Cesión urbanística, de data 26 de xaneiro de 2024.

Rexistro da Propiedade: Non consta





INVENTARIO MUNICIPAL DE BENS INMOBLES

PORCIÓN VIAL Nº 227

BONXE

NOME: PORCIÓN VIAL EN BOUZAS.

NATUREZA DO INMOBLE:

Uso público

Prescripción: dominio público viario

SITUACIÓN:

Parroquia: BONXE

Núcleo/lugar: BOUZAS

Lindeiros: 27039A09400585, 27039A09400046, 27039A09400045, 27039A09409001

SUPERFICIE: 248m/2

CARGAS: LIBRE DE CARGAS

TÍTULO DE ADQUISICIÓN: Cesión urbanística, Xuntas de Goberno Local de 27/09/2010 e 23/11/2023

SITUACIÓN REXISTRAL:

Rexistro da Propiedade: non consta

INVENTARIO MUNICIPAL DE BENS INMOBLES

PORCIÓN VIAL Nº 228

VILELA

NOME: PORCIÓN VIAL EN AS CAVADAS – VILELA.

NATUREZA DO INMOBLE:

Uso público

Prescripción: dominio público viario





SITUACIÓN:

Parroquia: VILELA

Núcleo/lugar: AS CAVADAS

Lindeiros: Duas porcións:

Parcela C1: Norte coa finca matriz; Sur, con camiño; Leste, con parcela 267 de María Nelsa López Vigo; e Oeste con parcela 259 de Fernando Varela Miguélez.

Parcela C2: Norte con camiño; Sur coa finca matriz; Leste, con parcela 267 de Maria Nelsa López Vigo; e Oeste con parcela 259 de Fernando Varela Miguélez.

SUPERFICIE: C1:109 m2

C2:160 m2

CARGAS: LIBRE DE CARGAS

TÍTULO DE ADQUISICIÓN: Cesión urbanística, de data 23 de febreiro de 2.024.

SITUACIÓN REXISTRAL:

Rexistro da Propiedade: non consta

INVENTARIO MUNICIPAL DE BENS INMOBLES

PORCIÓN VIAL Nº 229

GUILLAR

NOME: PORCIÓN VIAL EN GUILLAR – GUILLAR.

NATUREZA DO INMOBLE:

Uso público

Prescripción: dominio público viario

SITUACIÓN:

Parroquia: GUILLAR

Núcleo/lugar: GUILLAR





Lindeiros: Norte, estrada LU-P-3908 (parcela 9012); Sur, de Josefa Núñez Sánchez (parcela 49) e coa finca matriz; Leste, Ángel Manuel Núñez Ceide (parcela 42) e finca matriz; Oeste, camiño (parcela 9008).

SUPERFICIE: 54,85 m²

CARGAS: LIBRE DE CARGAS

TÍTULO DE ADQUISICIÓN: Cesión urbanística, de data 4 de abril de 2.024.

SITUACIÓN REXISTRAL:

Rexistro da Propiedade: Finca 12.214, Folio 58, Tomo 1211, Libro 114.

INVENTARIO MUNICIPAL DE BENS INMOBLES

PORCIÓN VIAL Nº 230

ARCOS

NOME: PORCIÓN VIAL EN O CRUCEIRO – ARCOS.

NATUREZA DO INMOBLE:

Uso público

Prescripción: dominio público viario

SITUACIÓN:

Parroquia: ARCOS

Núcleo/lugar: O CRUCEIRO

Lindeiros: Norte, parcela 121 da Diocese de Lugo e coa finca matriz; Sur, estrada; Leste, parcela 428 de Josefa Díaz Ponte e finca matriz; e Oeste, camiño.

SUPERFICIE: 183,81 m²

CARGAS: LIBRE DE CARGAS

TÍTULO DE ADQUISICIÓN: Cesión urbanística, de data 13 de marzo de 2.024.

SITUACIÓN REXISTRAL:

Rexistro da Propiedade: non consta





INVENTARIO MUNICIPAL DE BENS INMOBLES

PORCIÓN VIAL Nº 231

SAN MARTIÑO

NOME: PORCIÓN VIAL EN SAN MARTIÑO – GUILLAR.

NATUREZA DO INMOBLE:

Uso público

Prescripción: dominio público viario

SITUACIÓN:

Parroquia: GUILLAR

Núcleo/lugar: SAN MARTIÑO

Lindeiros: Norte, parcela catastral 268; Sur, parcela catastral 272; Leste, coa finca matriz; e Oeste, con camiño.

SUPERFICIE: 59,15 m²

CARGAS: LIBRE DE CARGAS

TÍTULO DE ADQUISICIÓN: Cesión urbanística, de data 12 de abril de 2024.

SITUACIÓN REXISTRAL:

Rexistro da Propiedade: *Finca 9.987, Folio 156, Tomo 1.107, Libro 87.*

INVENTARIO MUNICIPAL DE BENS INMOBLES

PORCIÓN VIAL Nº 232

ROBRA

NOME: PORCIÓN VIAL EN ROBRA – PENELAS.

NATUREZA DO INMOBLE:

Uso público

Prescripción: dominio público viario

SITUACIÓN:





Parroquia: ROBRA

Núcleo/lugar: PENELAS

Lindeiros: NORTE, parcela 297 do catastro de Don Francisco Darriba Méndez; ao SUR, parcela 300 do catastro de don Luis Lopez Lopez; ao LESTE, coa finca matriz; e ao OESTE, camiño.

SUPERFICIE: 216 m2

CARGAS: LIBRE DE CARGAS

TÍTULO DE ADQUISICIÓN: Cesión urbanística, de data 30 de maio de 2024.

SITUACIÓN REXISTRAL:

Rexistro da Propiedade: *Finca 4858, Folio 64, Tomo 1218, Libro 116.*

INVENTARIO MUNICIPAL DE BENS INMOBLES

PORCIÓN VIAL N° 233

SAN FIZ DE PAZ

NOME: PORCIÓN VIAL EN VILAR – SAN FIZ DE PAZ.

NATUREZA DO INMOBLE:

Uso público

Prescripción: dominio público viario

SITUACIÓN:

Parroquia: SAN FIZ DE PAZ

Núcleo/lugar: VILAR

Lindeiros: Norte e Sur camiño con referencia catastral 27039A089090060000GH e finca matriz; Leste camiño con referencia catastral 27039A099090020000GH, parcela 43 e coa finca matriz; Oeste con camiño de referencia catastral 27039A089090060000GH, coa finca matriz e coa parcela 45 e 43.

SUPERFICIE: 676 m2

CARGAS: LIBRE DE CARGAS





TÍTULO DE ADQUISICIÓN: Cesión urbanística, de data 23 de xullo de 2.024.

SITUACIÓN REXISTRAL:

Rexistro da Propiedade: *Finca 12356, Folio 116, Tomo 1220, Libro 117.*

INVENTARIO MUNICIPAL DE BENS INMOBLES

PORCIÓN VIAL Nº 234

SILVARREI

NOME: PORCIÓN VIAL EN CONSTANTE – SILVARREI.

NATUREZA DO INMOBLE:

Uso público

Prescripción: dominio público viario

SITUACIÓN:

Parroquia: SILVARREI

Núcleo/lugar: CONSTANTE

Lindeiros: Norte, coa finca matriz; Sur, con camiño; Leste, parcela con referencia catastral 000500700PH16G0001BM; Oeste, coa parcela 149.

SUPERFICIE: 87,90 m²

CARGAS: LIBRE DE CARGAS

TÍTULO DE ADQUISICIÓN: Cesión urbanística, de data 12 de setembro de 2024.

SITUACIÓN REXISTRAL:

Rexistro da Propiedade: *Finca 12473, Folio 117, Tomo 1220, Libro 117*

INVENTARIO MUNICIPAL DE BENS INMOBLES

PORCIÓN VIAL Nº 236

MATELA

NOME: PORCIÓN VIAL EN MATELA – MATELA.

NATUREZA DO INMOBLE:





Uso público

Prescripción: dominio público viario

SITUACIÓN:

Parroquia: MATELA

Núcleo/lugar: MATELA

Lindeiros: Norte coa finca matriz; Sur con camiño público; Leste coa parcela 75 Maria del Carmen Gonzalez Gonzalez e Oeste parcela 75 e 78 de Maria del Carmen Gonzalez Gonzalez.

SUPERFICIE: 116,01 m²

CARGAS: LIBRE DE CARGAS

TÍTULO DE ADQUISICIÓN: Cesión urbanística, de data 1 de outubro de 2024.

SITUACIÓN REXISTRAL:

Rexistro da Propiedade: Finca 10424, Folio 154, Tomo 1118, Libro 90

INVENTARIO MUNICIPAL DE BENS INMOBLES

PORCIÓN VIAL Nº 237

SOBRADA

NOME: PORCIÓN VIAL EN A CARREIRA VELLA – SOBRADA.

NATUREZA DO INMOBLE:

Uso público

Prescripción: dominio público viario

SITUACIÓN:

Parroquia: SOBRADA

Núcleo/lugar: A CARREIRA VELLA

Lindeiros: Norte, parcela 161 de María Luisa Fernández Arias, hoxe de Belén García Balea Sur, parcela 170 de Josefa Rozas Carballido; Leste, camiño; e Oeste, coa finca matriz.





SUPERFICIE: 28,35 m2

CARGAS: LIBRE DE CARGAS

TÍTULO DE ADQUISICIÓN: Cesión urbanística, de data 18 de novembro de 2024

SITUACIÓN REXISTRAL:

Rexistro da Propiedade: Finca 12368, Folio 113, Tomo 1218, Libro 116

O Sr. alcalde somete a votación este acordo resultando aprobado por 10 votos a favor (9 do PP e 1 do PSOE) e 3 abstencións (BNG).

MOCIÓNS DE URXENCIA

O Sr. alcalde pregunta, antes de pasar a rogos e preguntas, se alguén quere presentar algunha moción de urxencia.

O concelleiro nacionalista Miguel Vieito presenta como moción de urxencia ante o pleno da Corporación a relativa á realización urxente de medidas de fomento, promoción e visibilización do uso da lingua.

O concelleiro Miguel Vieito defende a urxencia da moción.

Alega que a presentaron en múltiples ocasións e consideran que como administración local están obrigados a fomentar a lingua galega. Fala de caída en picado no ensino público con mingua no ámbito laboral. Os menores de 17 anos falan en galego menos dun 5%.

Dille o Sr. alcalde que ten que defender a urxencia e non dar lectura á moción completa.

O concelleiro Miguel Vieito continúa a súa exposición e pide que se vote a urxencia da moción.

O Sr. alcalde intervén anunciando o voto en contra do seu partido por carecer, ó seu xuízo, de urxencia o asunto a tratar. Dille ó concelleiro que xa falou dabondo da moción e non só da urxencia. Di o Sr. alcalde que na época da ditadura cando se lles quería impoñer o castelán, eles seguían falando castelán e agora cando se lles intenta impoñer o galego, que elen falan en castelán e en galego, que cantos mais idiomas mellor e que en ningún caso a lingua pode aislar.

Votación sobre a urxencia: 4 a favor (·BNG e 1 PSOE) e 9 en contra (PP). Cae a urxencia da moción. Non se trata o fondo

B) ACTIVIDADE DE CONTROL

Non hai asuntos





C) ROGOS E PREGUNTAS

1º.- Rogo presentado polo BNG relativo ao transporte colectivo no Concello de Outeiro de Rei no que se insta ao equipo de goberno a que se realice un estudo do uso e necesidade de transporte urbano nas Parroquias do Concello, cun proceso participativo no que se dea voz á cidadanía de Outeiro de Rei e, especialmente, ás e aos residentes das Parroquias con peor comunicación e menor dotación de infraestruturas.

O Sr. Alcalde di que no rural, ó ser a poboación dispersa, é complicado poder satisfacer todas as demandas

2º.- Rogo presentado polo BNG relativo ao mantemento da vía de servizo da estrada LU-115.

Nel se insta ao equipo de goberno a que inste á Xunta de Galicia para arranxar as vías da estrada LU-115

Di o Sr. alcalde que a vía de servizo LU-115 está en mellores condicións que moitas vías provinciais e iso chama a súa atención, por ser o BNG quen goberna nesta e agora presenta este rogo.

1º PREGUNTA do BNG referida á ausencia de atención pediátrica en Outeiro de Rei. Di a pregunta qué medidas ten tomado durante estes meses e/ou vai tomar no futuro o Goberno Local para instar á Xunta de Galicia para que o posto de pediatra sexa recuperado ao 100% para as crianzas de Outeiro de Rei?

O Sr. Alcalde contéstalle que xa se entende contestada coa moción e que esperan sexa recuperado ao 150% para as crianzas por mor de que solicitan a ampliación de 2 días a 3 días do servizo.

Non habendo mais asuntos que tratar, remata a sesión desexando o Sr. Alcalde un Feliz Nadal a todos e todas

Remata a sesión sendo as 13:33h

Non hai asuntos

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

